


Poesía no IES Nº 1

Concurso de Poesía do Día das Letras Galegas

*E falo decote nesta música
na que canta Galicia dende sempre.*

Manuel María



1. Está dirixido a todo o alumnado do IES que desexe participar, distribuído en tres categorías:
 - a) 1º e 2º da ESO
 - b) 3º e 4º da ESO ou ESA
 - c) Bacharelato (diúrno e adultos)
2. Poderanse presentar como máximo **dous poemas** escritos en lingua galega.
3. O prazo de presentación remata o **13 de maio**.
4. Os poemas terán unha extensión máxima de **30 versos**.
5. A temática é libre.
6. Os traballos deberán entregarse baixo pseudónimo, indicando o título do poema e o pseudónimo no encabezado. Ademais incluírase un sobre pechado ou un papel grampado en cuxo interior figuren os datos persoais do alumno/a: nome, apelidos, grupo e curso ao que pertence.
7. As obras depositaranse na **secretaría** nunha caixa que estará alí para tal fin.
8. O xurado será o profesorado dos equipos da Biblioteca e de Dinamización da Lingua Galega.
9. A resolución farase pública o **18 de maio**, e o premio entregarase na Semana Cultural.
10. Haberá un premio para cada unha das categorías, consistente en **25€ e unha flor** para cada un dos premiados.
11. O premio poderá quedar deserto se os traballos presentados non teñen a calidade esperada.
12. Os equipos da Biblioteca e de Dinamización da Lingua Galega resérvanse o dereito de utilizar algunhas das obras para fins de interese cultural e fomento da lectura: compoñer unha antoloxía, preparar un recital, etc.